

## A MAIORÍA ABSOLUTA DO SINDICATO ABSOLUTO.

Fai catro anos que na Xunta de persoal goberna como sindicato absoluto a central sindical que nas últimas eleccións conseguiu a maioría absoluta. Este último feito, a maioría absoluta, é indiscutible porque é consecuencia democrática do manifestado a través das urnas pola maioría do persoal de administración e servizos funcionario. O de gobernar como sindicato absoluto xa non está tan claro e máis parece unha terxiversación do mandato que se lles deu. Ter a metade máis un dos delegados non da licenza para actuar sen limitacións anulando, esmagando ou simplemente non tolerando calquera acción opositora. O sempre pretendido axioma de estás comigo ou estás contra min é o recurso favorito dos ególatras e dos iluminados, dos necesitados de protagonismo e adulación que sofren unha incapacidade crónica para implicar ou convencer aos que non pensan coma eles, non se deixan *abducir* ou non lle renden constante homenaxe.

Ter a maioría dos delegados tampouco da dereito a entregar a xestión aos representantes políticos, por moi amigos que sexan. Un exemplo do que queremos dicir aconteceu en outubro de 2004 no despacho de Salustiano Mato, daquela vicerreitor de investigación, nunha reunión a que asistiron membros do sindicato maioritario e o xerente, este último no patético papel de simple oínte, de obediente e cuestionado subalterno disposto a asinar calquera acordo que lle puxeran diante. De feito o que asinou foi a reposición dun acordo que xa tiña que estar cumprido e que volveu a utilizarse, unha vez *remasterizado*, para conseguir e xustificar outros beneficios. O sindicato que levou aos xulgados ao vicerreitor de economía do reitor anterior por usurpar as funcións do xerente non se cansou, durante este período, de visitar o despacho do vicerreitor amigo para conseguir os seus obxectivos. Tiñamos que volver a berrarlles aquilo de: “A xestión é nosa”.

Nin da dereito a deslexitimar, atacar e insultar aos compañeiros e compañeiras que ocupan, dentro da nosa administración, os niveis máis altos, por moitos maletíns que se consigan a cambio. Cando se practica o compadreo co xerente e o equipo de goberno é amigo, os inimigos (que na súa dialéctica teñen que existir) hai que buscalos, por exemplo, nas xefaturas das áreas ou dos servizos.

Nin sequera a ameazar con boicotear os programas de calidade se non lle daban, por exemplo, un dos maletíns, claro exponente de sindicalismo coactivo que a ningún sindicato se lle ocorrería facer noutra administración ou empresa mais aquí, na Universidade de Vigo, non só se acepta senón que se comete a ousadía de poñelo por escrito e convertelo nun acordo que ata asinou o mesmísimo xerente. E iso que temos un reitor que é pioneiro en todo o relativo aos compromisos de Boloña e ten a *excelencia* coma unha referencia no seu programa de goberno. Quen boicoteou a Mesa de Retribución e da Calidade fai máis de catro anos seguen a querer marcar o ritmo e non dará o visto e prace ata que se sinta chamado a facelo. Daquela o predicará coma un mormón predica o evanxeo.

Os que pretenden revalidar, e incluso aumentar, a absoluta maioría volverán a pedir o teu voto para seguir coa súa loita de clases (a clase dos que consideran seus contra a clase dos outros) para seguir dividindo ao persoal, impedir a unidade sindical, seguir entregando a xestión aos seus amigos e, de paso, alimentar a insaciable egolatría dos seus abnegados líderes.